Sprint MOTOR
www.sprintmotor.com

Volkswagen Eos
Só se vive unha vez

• proba

>> Páxs. 9

LANCIA

Interiores en pel ou Alcántara®
magnesio e madeiras nobres.
Portas corredeiras eléctricas.
Sistema Hi-Fi con oito altofalantes.
Climatizador multizona.
Sistema de navegación por satélite.

NOVO LANCIA PHEDRA

NOYASTAR
Via Édison, 3
Polígono do Tambre
Telef.: 981 577 778
Santiago de Compostela

Consumo urbano (l/100 km) dende 9,2 ata 15,8; consumo extraurbano (l/100 km) dende 5,9 ata 9,0; consumo mixto (l/100) dende 7,0 ata 11,5. Emisión de CO_2 (g/km) dende 186 ata 275

Kia picanto
Diesel CRDi EX
descuento de hasta 1.845€
Kia Rio
Diesel CRDi 1.5 16V (110CV)
descuento de hasta 2.200€
Kia CERATO 5p.
Diesel 2.0 CRDi LX
descuento de hasta 2.360€
Kia CARENS
2.0 CRDi 112cv.
descuento de hasta 2.337€
www.kia.es
*Garantía 3 años sin límite de kms.

Nuestros precios son difíciles de creer, por eso tienes que venir a comprobarlos

*PVPR Kia para Península y Baleares (IVA, transporte, Plan Prever y acción promocional incluidos). Kia Picanto 1.0 LX: Emisiones CO2: desde 116 hasta 138 g/Km. Consumo Combinado desde 4,4 hasta 5,8 l/100 Km. Kia Rio 1.4 EX I:Emisiones CO2 de 121 a 155 g/km. Consumo combinado: de 4,7 a 6,5 L/100km. Kia Cerato 1.6 LX: Emisiones CO2: 185 g/Km. Consumo combinado: 7 l/100 Km. Kia Carens 2.0 CRDi LX: Emisiones CO2: 117 g/Km. Consumo combinado: 7 l/100 Km. Oferta válida para vehículos en stock hasta final de mes.

KIA MOTORS
The Power to Surprise

AUTOMÓVILES FERNÁNDEZ. Avda. Rosalía de Castro, 67 - Milladoiro - Ames. SANTIAGO DE COMPOSTELA. La Coruña. Tel.: 981 52 49 66

En agosto reducíronse os accidentes de tráfico mortais nun 33% respecto ó mesmo mes do 2005

Sprint Motor
TEXTO E FOTOS

O número de accidentes de tráfico mortais rexistrados no pasado mes de agosto en Galicia supón un descenso do 33'3% con respecto ós datos do mesmo mes de 2005. Da mesma maneira, o número de vítimas mortais tamén sufriu un considerable descenso, xa que se pasou de 30 en agosto do 2005 a 20 contabilizadas no mes pasado, o que representa unha redución de tamén o 33'3%.

A conselleira, María José Caride Estévez, presentou os datos sobre sinistralidade viaria nas estradas galegas nos meses de xullo e agosto

A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, destacou que as medidas adoptadas pola Dirección Xeral deTráfico e a Xunta de Galicia deron resultados positivos, pero que se debe seguir traballando para reducir este problema, "porque as cifras demostraron que é posible".

María José Caride salientou tamén que a accidentabilidade na rede secundaria de estradas en agosto, reduciuse á metade respecto ó mes de xullo. Precisamente, a rede secundaria concentrou maioritariamente o esforzo da Dirección Xeral de Tráfico, ó incorporar a efectivos da Garda Civil rural ós labores de prevención de accidentes, é dicir, ás tarefas de control de velocidade e alcoholemia.

Outro dato destacable é que das vítimas rexistradas, no momento do accidente un 41,2% non facían uso dos elementos de seguridade. Tamén se desvela que a maioría dos accidentes mortais tiveron lugar durante o día, só un 28% aconteceu de noite.

A causa principal dos accidentes de tráfico mortais rexistrados o pasado mes de agosto, foi a velocidade excesiva ou inadecuada que se manifestou en 8 dos sinistros (40%), seguida da distracción, sono ou fatiga causante de 5 accidentes (25%) e, por último, figuran as manobras antirregulamentarias que foron a causa de 4 accidentes mortais (20%).

Polo que se refire ás idades das vítimas mortais, os rangos máis desfavorables foron os menores de 25 anos e os maiores de 65 con 5 persoas falecidas cada un. Séguelles o tramo de idade comprendido entre os 46 e os 55 anos con 4 falecidos.

Con respecto ó mes de xullo a sinistralidade nas estradas galegas aumentou tanto en accidentes mortais como en persoas falecidas, a pesares da entrada en vigor do carné por puntos e en contra da tendencia xeneralizada no resto do Estado. Sen embargo, esta tendencia cambiou no mes de agosto onde se aprecia un descenso de accidentes e vítimas mortais.

SE VENDE
CHALET
en Sigüeiro

En Porto-Avieira, Sigüeiro. 180 m².
Cocina amueblada, salón-comedor,
terraza-jardín, tres habitaciones,
tres baños y ático (sin dividir y con techo en
madera). Amplia zona común con piscina
y cancha polideportiva.
629 811 794

19º Rali Botafumeiro

A proba compostelá pechará o ano deportivo

SPRINT MOTOR

Logo de vernos obrigados ó aprazamento da celebración da proba nas datas previstas, ó 9 e 10 de setembro, debido a celebración dunha Romaría nun dos treitos cronometrados do Rali e a celebración dunha voda noutro, o que obrigaría a neutralizar tres das oito cronometradas previstas, o Rali Botafumeiro xa ten nova data.

Unha vez feitas as oportunas xestións coa Federación Galega de Automobilismo, o 19º Rali Botafumiero celebrarase os días 1, 2 e 3 de decembro.

Na nova data, modifícanse os horarios, pasando a realizacións o venres e á disputa dos treitos cronometrados o sábado dende primeira hora da mañá, para rematar polo serán.

O centro operativo estará no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, que acollerá a oficina permanente, o centro de proceso de datos, dirección de carreira, control de seguridade, sala de prensa e o parque pechado no aparcadoiro.

A empresa XADE –Multiusos Fontes do Sar– Santa Isabel, un importante número de Concesionarios de Marcas de Automóbiles da cidade e a firma de recambios Otero Caritón, serán os principais soportes da proba no que o sector privado se refire. Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concello de Santiago serán os entes públicos que apoiarán a proba. Estase pendente da confirmación da sociedade de Xestión do Xacobeo, da que se espera unha resposta positiva en vindeiras datas.

Dende o mes de Maio un equipo de mais de dez persoas, o fronte do cal está Manolo Ramos como Presidente do Comité Organizador e Director da Proba, levan desenvolvendo un eficaz traballo Julia Brea, Keti Fernández, Ángel Iglesias, Diego Iglesias, Pablo Brea, Cecilio Lorenzo, Andrián López, Sergio Prego, xunto co director da proba na estrada David Ponte e o xefe de Seguridade Fernando Gasamáns.

Tal como recolle a normativa federativa, o percorrido da prova non se pode facer público ata unha semana antes da celebración, polo que aqueles que queiran coñecelo terán que agardar ata ó 24 de novembro. Na páxina web do Rali ***www.ralibotafumeiro.org*** o público terá dispoñible toda a información referente o 19º Rali Botafumeiro.

Escudería Compostela

Sprint MOTOR

Editor: Sprint Motor
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Juan P. Nartallo, Sevi Martínez, César Raña, Edu Lavandeira, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Ray Mosquera e Rodrigo Medina.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 •
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com
IMPRIME: Gráficas La Capital
Depósito Legal: C–138/97

NEUMATICOS PERNAS
FIRSTSTOP
VENDA • REPARACIÓN
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO ELECTRÓNICO • LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería
LeAbranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

Discos cadrados

Que freos leva vostede?

Fernando Cuadrado
TEXTO E FOTOS

Nesta páxina queremos recoller unha queixa xeralizada dunha boa parte dos fabricantes europeos de recambios para coches. Este sector pídelle á Unión que controle a chegada a Europa de discos de freo defectuosos procedentes do mercado asiático. Estas pezas non pasan os controis de seguridade pertinentes polo que supoñen un risco para a seguridade viaria. A industria do vello continente de recambios para automóbiles asegura que existe un gran baleiro legal nas importacións destas pezas que chegan, fundamentalmente, de China.

A denuncia é moi clara, os fabricantes europeos aseguran que na Unión se está comerciando con discos de freo que non ofrecen ningún tipo de garantía e que mesmo poden chegar a causar accidentes.

Nos últimos dous anos as marcas auxiliares de recambios de automóbiles veñen detectando a presenza constante no mercado comunitario destas pezas asiáticas. A importación descubriuse logo dunha serie de reclamacións por parte dos usuarios e pola redución dos pedidos ás empresas tradicionais. Unha situación que está poñendo contra as cordas ó sector, que xa está rexistrando un descenso importante no número de vendas. Os fabricantes europeos de recambios explican que o que máis lles preocupa non é a competencia desleal senón a falta de garantías e a ausencia de controis nun elemento que é determinante para a seguridade dos vehículos.

Os discos dos freos son unha parte fundamental da seguridade do vehículo

Os fabricantes europeos aseguran que na Unión se está comerciando con discos de freo que non ofrecen ningunha garantía e que mesmo poden causar accidentes

Conclusións das probas

A industria europea xa realizou un estudo para comproba-la calidade dos discos de freo procedentes do mercado asiático. Os resultados foron para asustar. Descubriron que máis do 52% das pezas analizadas presentaban algún tipo de deficiencia. Noutro 10% dos discos comprobouse que, co uso e as altas temperaturas, se producían fendas e roturas. Ademais detectaron que un 4% das pezas carecían dunha marcaxe que permitan indentifica-lo fabricante no caso de reclamación ou accidente. Algo totalmente contrario á normativa comunitaria.

Varias empresas deste sector xa trasladaron esta preocupación ás autoridades nacionais dos seus respectivos países, en concreto ós ministerios de Industria de Alemaña, Italia e España. Pedíronlles que apoien unha moción neste sentido na Unión Europea. O obxectivo, din, é salvagarda-la seguridade dos automobilistas, evitar fraudes e velar por centos de postos de traballo que poden perigar ante esta competencia desleal e "perigosa".

O Alfa 8C Competizione en París

O protagonista do stand do fabricante italiano no Salón de París é o Alfa 8C Competizione, o exclusivo Gran Turismo que se producirá nun número limitado de exemplares. A sigla 8C nos anos 30 e 40 distinguía a aqueles automóbiles, de competición e de estrada, equipados co potente "oito cilindros" realizado polo famoso deseñador Vittorio Jano. O termo "Competizione" quere ser ante todo unha homenaxe ó "6C 2500 Competizione", cupé deportivo conducido no ano 1950 pola parella Fangio-Zanardi na famosa Mille Miglia. No caso do motor trátase dun inédito 8 cilindros en V de 90° e cilindrada de 4.691 cc que se deseñou cun obxectivo preciso: garantir prestacións extraordinarias sen renunciar á fluidez de funcionamento e ó goce en cualquera situación, dende a pista ata a condución polo tráfico urbano. As prestacións do motor resúmense nunha potencia máxima de 450 CV a 7.000 rpm, un par máximo de 470 Nm a 4.750 rpm e un réxime máximo de 7.500 rpm.

Concept Lancia Delta HPE, primicia mundial

Na 63ª edición da Mostra de Arte Cinematográfico de Venecia debutou o Concept Lancia Delta HPE. Trátase dun automóbil de dimensións medianas (4,5 metros de lonxitude, 1,8 metros de anchura e 1,5 metros de altura) que aseguran unha gran habitabilidade (sobre todo na zona traseira) e confort de viaxe, unha óptima accesibilidade e un maleteiro versátil.

O Concept Delta HPE foi pensado para poder adoptar unha ampla gamma de motores de gasolina e diésel, todos sobrealimentados e combinados con cambios de 6 marchas, manuais e robotizadas, con potencias variables de 120 CV a máis de 200 CV, unidos a unha mecánica probada e optimizada para a comodidade e o manexo, a través do uso de suspensións SDC (con control electrónico da amortiguación) que potencian aínda máis o pracer da condución.

O Suzuki Grand Vitara con Medio Ambiente

A firma **Talleres J y M Fernández**, concesionario oficial Suzuki para Santiago fixo entrega de 8 unidades do modelo Todoterreo, Suzuki Grand Vitara 1.9 Diésel 5p, á Xunta de Galicia,en concreto á **Consellería do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible** destinados para os servizos de vixilancia e coidado dos nosos entornos naturais.

Estes vehículos ofrecen unhas aptitudes todoterreo excepcionais e un confort, equipamento e consumo reducido que contribúe a unha condución cómoda e unhas emisións reducidas de gases, o que conleva á mellor conservación do medio ambiente. Na foto obsérvanse algunhas das unidades que formaron parte do lote de vehículos.



No a los teleféricos. No a los telesilla. No a los ascensores.

GRAND VITARA
Desde 17.495 €*

Hay un SUZUKI GRAND VITARA dentro de ti.
Con aire acondicionado (climatizador versiones DLX), dirección asistida, elevalunas y retrovisores eléctricos, cierre centralizado, audio CD integrado (excepto versiones base), ABS + EBD, doble airbag. Motores 2.0 L. turbodiésel 3p. y 5p. 1.6 L. 94 CV y 2.0 L. gasolina 3p. 128 CV.

GARANTÍA 3 AÑOS 3 KILÓMETROS
www.suzuki.es

Unidad mostrada en la foto: LHKBSTELKA0222. Consumo Extra-urbano (L / 100 Km.): 7,7. Emisiones CO_2 (g / Km.): 224
*PVP sólido en Península y Baleares para el Grand Vitara 1.6 L. gasolina base. Incluye I.V.A. e I.E.M. No incluye transporte, preentrega, pack básico ni gastos de matriculación.

SUZUKI
Way of Life !

TALLERES J. Y M. FERNÁNDEZ, S.L. Ctra. de Santiago-Vigo, Km. 4. Milladoiro - Tel. 981 531 156 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os localizadores e detectores de radar

¿Legais ou ilegais? e(II)

Tódolos localizadores de radar postos á venda no noso país serven para toda España. Ademais, algúns modelos, dependendo da capacidade da súa memoria, poden almacenar incluso a posición de radares de países europeos limítrofes.

Felix Doce
TEXTO E FOTOS

Póodense adquirir a través de internet, nas páxinas das entidades que os comercializan, na venda telefónica ou en grandes superficies comerciais.

A súa instalación débese efectuar no salpicadeiro. Só é preciso que se conecte a fonte de alimentación ó chisqueiro. Soen ter unha base imantada que serve de soporte para que o aparato non se mova. Non afecta a outros sistemas do vehículo, xa que son receptores "pasivos", só reciben sinal GPS, non emiten ningun sinal ou onda (como si ocorre cos ilegais). Os máis caros ofrecen máis funcións, ITV, revisións, gasolineiras, etc., pero a nivel de funcionamento son todos igual de efectivos.

O seu manexo realízase a través de botóns, podendo personaliza-lo avisador, controla-las súas funcións e incluso toda a información engadida que se precise. No momento de avisar, o localizador faino de forma visual e falada. Cando te aproximas a un radar, 500 metros antes, nos avisa sobre a presenza dun radar fixo, posiblemente oculto ou punto negro de accidentes. A 200 metros volve a insistir.

Dicir que, por suposto, as PDA poden face-las funcións dos localizadores mediante o uso do software de navegación avisando da situación dos radares fixos.

É importante sinalar que estes GPS só avisan que te estás acercando a un punto quilométrico no que hai instalado un radar, pero non saben se está en funcionamento.

Ademais, hai que ocuparse de manter actualizada a base de datos de radares, xa que a DXT está instalando novos dispositivos continuamente ata alcanzalos 500 previstos para finais de 2007.

Actualmente os localizadores de radar na súa publicidade para vendelos, baséanse en que son legais, aínda que esta suposta legalidade esta baseada na interpretación que realizou o director da DXT sobre os mesmos manifestando, que a localización destes radares fixos é coñecida e notoria, levar esta información arquivada non é sancionable. A interpretación literal da norma é completamente diferente xa que non distingue entre ambos tipos de aparatos. Outro detalle determinante que a publicidade destes aparatos oculta ó consumidor, é a súa absoluta incapacidade para detecta-los máis de 300 radares móbiles da Garda Civil.

Por último non esqueza que os localizadores de radar son unha ferramenta para aumenta-la seguridade en estrada. Utilice o detector para aumenta-la súa concentración na condución e non para excede-los límites de velocidade preestablecidos ou evita-la vixilancia dos axentes de tráfico. Conduza sempre de forma responsable, a unha velocidade adecuada a cada situación e gardando en todo momento a distancia de seguridade.

Renovación do Audi S3

O Audi S3 ocupa unha posición excepcional dentro da clase premium compacta; con esta nova versión agarda continuar con esta situación privilexiada. Este modelo presume de 265 CV e da tracción permanente ás catro rodas quattro.

O S3 redefine os parámetros da súa clase no que a un coche deportivo se refire. Alcanza os 100 km/h en 5,7 segundos. Con dous poderosos litros, o S3 posúe un propulsor turbo de catro cilindros con inxección directa FSI de gasolina que demostra ser de alto rendemento.

Esta forza transmítese mediante unha caixa de cambios de 6 velocidades e a tracción permanente ás catro rodas quattro. Ademais, conta con grandes rodas de aliaxe de 18 polgadas de diámetro.

O prezo recomendado do S3 de 265 CV en Alemaña é de 35.150 euros.

Clio Campus 2007

Renault actualiza exterior e interiormente os Clio Campus, mantendo as súas prestacións mecánicas. O cliente poderá elixir agora entre dous niveis de equipamento: Authentique e Dinamique.

Nos Clio Campus 2007 incorporáronse algúns detalles estéticos no exterior, como os novos paragolpes dianteiro e traseiro, no que vén agora situada a placa de matrícula, unha nova calandra, novo portón e novas pinturas (verde amanda e azul extreme).

No interior recibe un deseño máis actual cun novo taboleiro de a bordo e dúas tapicerías específicas e diferentes para os dous niveis de equipamento.

Antara, chega un novo todocamiño

O modelo de produción en serie Antara celebrará a súa presentación mundial no Salón de París. Este Opel ofrece un xeneroso espazo interior, a pesar das súas compactas dimensións, así como inteligentes e innovadores sistemas de transporte, como o "Flex-Fix", altos niveis de funcionalidade e unha posición dos asentos elevada. Inicialmente, o Antara estará dispoñible cun propulsor de gasolina de 2.4 litros e 140 CV, un 3.2 V6 de gasolina de 227 CV e un 2.0 litros common-rail turbodiésel de 150 cabalos. Uns poucos meses despois, unirase outra versión deste mesmo motor que ofrece 127 CV. Ámbolos propulsores veñen de serie cun filtro de partículas diésel sen mantemento.

Octavia Scout

O Skoda Octavia Scout está preparado para superar calquera obstáculo. A súa distancia ata o chan é 40 milímetros maior cá do Octavia Combi e 16 mm máior cá do Combi 4x4, o que mellora as súas habilidades off-road considerablemente e lle permite así superar sen esforzo as estradas en peor estado.

Cuns parachoques de novo deseño no frontal e na parte traseira, molduras laterais na cor da carrozaría e os perfís das portas reberetados a imaxe do Scout xa dá idea dos seus posibles usos. As lamias de aliaxe "Proteus" de 17 polgadas poden coas peores estradas.

Este modelo, con tracción ás catro rodas, ofrécese con motores diésel e gasolina de catro cilindros (o 2.0 TDI de 140 CV e o 2.0 FSI de 150). Ámbolos motores combínanse cun cambio manual de 6 velocidades.

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.

Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo
Piaggio M500, sin carnet.

DISTRIBUIDOR OFICIAL
PIAGGIO

Talleres BASTON

MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498

Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

Volkswagen Iroc

Volkswagen quere reedita-lo éxito do seu célebre deportivo Scirocco cunha novidosa proposta que de momento se traduce nun concept-car que o fabricante bautizou como Iroc.

A foto revela o seu atractivo, máis o seu corazón promete namorar a máis dun apaixonado do motor. O Iroc está equipado cun motor TSI, denominado de forma interna Twincharger. O cambio de marchas realízase a través dunha caixa de cambios automática de dobre embrague DSG. Algúns datos sobre a tecnoloxía Twincharger: montado por primeira vez nun Golf GT en 2006, este motor é un das mecánicas de gasolina de catro cilindros dos máis eficientes do mundo. A combinación do compresor e do turbosobrealimentador apunta o camiño cara ó futuro. O compresor compensa a debilidade de arranque típica dos turbogasolina puros en réxime de revolucións altas. A combinación de ambos sobrealimentados en propulsores de grandes series é única no mundo. O Iroc vén equipado cunha versión TSI que dispón dunha potencia de 210 cabalos.

O Iroc é un catro prazas. Detrás do portón traseiro, de ampla apertura exterior e cara o teito, escóndese un espacioso maleteiro con máis de 300 litros de volume de capacidade.

Nepta, un convertible de gamma alta

Renault presenta o Nepta, un Concept Car de catro prazas convertible de gamma alta. Cunha silueta baixa e elegante e un interior acolledor e espacioso este convertible quere se-la máxima expresión do placer de conducir co "aire na cara".

O Nepta equipa un motor de gasolina 3.5 de 6 cilindros situado en posición lonxitudinal. Ten unha aceleración de 0 a 100 km/h, grazas ós seus 420 CV, de 4,9 segundos. O propulsor está asociado a unha caixa de velocidades automática de 7 marchas con mando secuencial no volante. Este tipo de motorización de inxección directa de gasolina, segundo o fabricante, proporciona unha comodidade ó condutor de alto nivel, aportando á súa vez unha notable ganancia en consumo e en emisión de CO_2.

O equipo "BersusFilterqueen" coa afección en Braga

Compostela está de moda no mundo da competición. Cada día nacen novas iniciativas que lle dan máis pulo ó motor galego. Se os distintos representantes das marcas automobilísticas xa nos teñen acostumados ás presentacións de modelos, agora chégalle o turno as xentes implicadas na competición. Unha boa fórmula de darse a coñecer é cunhas probas dinámicas nun circuito. Sensacións excitantes, interesantes e sobre todo con seguridade. Unha nota alta para os rapaces do equipo "BersusFilterqueen".

Con ocasión da inminente posta en escena do equipo de competición "BersusFilterqueen" e como aperitivo programouse unha xornada de probas nun circuito pechado.

Evidentemente no destierro, fóra da nosa comunidade, pois o Circuito Galego ¡Xa! parece que aínda está moi lonxe de ser unha realidade.

O escenario escollido foi o circuito permanente de Braga. Grazas ós nosos veciños portugueses podemos gozar do deporte do motor en condicións de plena seguridade.

Segue na contraportada

DESGUACE ECOLÓXICO
Trameve
TRATAMIENTO MEDIOAMBIENTAL DE VEHICULOS
www.trameve.com
Vía La Cierva, 90. Pol. Ind. del Tambre
15890 Santiago de Compostela • A Coruña
GRUPO COGAMI
TÜV SÜD
- Venda de Recambios de Ocasión para o automóbil Garantidos
- Recollida de Baixas e Sinistros
- Servizo privado de Grúa
Tel.: 981 554 707
607 273 660
Fax: 981 554 156
E-mail:tratamiento@cogami.es

Volkswagen Eos

Só se vive unha vez

Luis Penido
TEXTO E FOTOS

Esta vez probámo-lo Volkswagen Eos, posiblemente un dos convertibles máis elegantes do mercado, pero… e ¿se chove? Pois non pasa nada, porque en 25

segundos e de forma automática desprégase un teito ríxido que nos protexe das inclemencias meteorolóxicas. A partir dese intre disporemos dun precioso cupé moi versátil, e cando deixe de chover se non o queremos descapotar poderemos activar electricamente o teito panorámico corredizo, e a seguir gozando.

Este tipo de vehículos pertencen ó segmento do mercado denominado "Coupé Cabrio". Os fabricantes intentan dispoñer de un produto destas características pola súa versatilidade, válidos para calquera día do ano.

Dende logo o aspecto visual conseguido é impresionante, tanto coa capota coma sen ela. A dicir verdade non sei en cal das dúas configuracións me gusta máis.

A carrozaría é específica non derivando de ningún outro modelo, lográndose desta forma unhas liñas moi armoniosas á par que se dispón de espazo suficiente para viaxar catro adultos no seu habitáculo. O parabrisas dianteiro non peca de ser moi inclinado (defecto habitual dos convertibles) e polo tanto non molesta á hora de entrar e saír do Eos. O espazo da maleta vese moi mermado para poder aloxar as cinco pezas que compoñen o teito duro. Outro dos encantos deste tipo de vehículos é ver actuar automaticamente a capota e como se escamotea totalmente en poucos segundos sen ruídos e cuns acabados perfectos.

O equipamento é de primeira e por dar unhas pinceladas temos asistente para o aparcamento, climatizador bizonal, asentos deportivos e lámias de aliaxe, entre outros elementos de deseño e confort.

En canto á seguridade o Eos incorpora ademais do habitual (freos ABS e control de estabilidade ESP) un sistema antienvorcadura que se dispara por detrás dos asentos traseiros en menos de 0,25 segundos.

Dispoñible inicialmente só con motorizacións de gasolina de inxección directa FSI con 150 ou 200 cabalos de potencia para a versión atmosférica e turbocomprimida respectivamente. As versións de gasóleo faránse esperar ata o vindeiro ano. A versión probada dispoñía de 150 cabalos destacando unha gran suavidade e ausencia de tiróns dende o ralentí. Pola contra o seu elevado peso limita as prestacións e os consumos.

As prestacions teñen unha fácil solución: adquirir un Eos coa mecánica turboalimentada que con moito máis par motor e 50 cabalos "a maiores" axilizan moitísimo o andar do Volkswagen Eos. Así e todo, os consumos que xa son discretos na versión probada (en torno a 9 litros de media cada cen quilómetros percorridos) elévanse na versión turbo a uns 10 litros de media.

De tódolos xeitos o público obxetivo, pola propia filosofía do modelo, gozará moito máis do Eos a ceo aberto cunha condución tranquila e divertida que nunha estrada revirada que nos obrigaría a unha condución máis esixente e deportiva.

É xusto recoñecer que o Volkswagen Eos é un modelo cunha gran calidade e un deseño cautivador pero tamén cun prezo un pouco superior á competencia. Falamos dun bonito capricho. Xa saben: "só se vive unha vez".

AD Grupo Regueira
C/ VIA EDISON, 54 - POL. DEL TAMBRE
15890 SANTIAGO (A CORUÑA)
Telf.: 981 578 066 - Fax: 981 563 090
www.adgruporegueira.es
comercial@regueira.com

Miguel Cumbraos
TEXTO
Miguel Cumbraos e Foto Speedy
FOTOS

Actualidade

Trofeo de Montaña

Liderazgo reforzado

O piloto lucense Alberto Fernández comanda a xeral provisional do segundo ano de vida do Trofeo de Montaña ó volante do seu Speed Car. A terceira cita do ano tivo como esceairo o concello ourensán de Amoeiro, onde foi terceiro, tralos turismos de Senra, vencedor absoluto, e Chelis Gómez, ademais primeiro entre os de serie. Carrera, Vidal, Seco e Velo venceron respectivamente entre os X, P, CM2 e Históricos.

Autocross

No aire, aínda

As modificacións no calendario galego, con tres anulacións, determinaron xa os títulos do 2006. Antes de Santa Comba, última proba celebrada ata agora, José Lista (Peugeot 206) e Jesús Dubra (Peugeot 106) xa eran campións nas categorías de menos e máis de 1.600 cc, respectivamente. Na proba celebrada no trazado de Merlán a vitoria de Ares e a descalificación de Sanmiguel deixa aínda sen solventa-lo cetro na categoría de kart-cross.

Slalom

Dous de dúas

Terceiro na cita do mes de xullo, celebrada en Monterroso, o antaño campión de Galicia, Luis Gil, sacou boa tallada do mes de agosto. O seu 205 foi o mellor nas citas de Portas e O Pino. Na carreira pontevedresa Abalo e Villanueva completaron o pódio, cousa que fixeron na localidade coruñesa Lojo e Iglesias.

TU BODA

SALONES CONGRESO
Carretera de La Estrada, Km. 3 · MONTOUTO
Teléf.: (981) 81 90 80 · Fax: 81 91 24
15894 Santiago de Compostela

galega

Karting

Vellos triunfadores

Sen carreiras, por circunstancias varias, en agosto, o karting galego volveu ós circuitos na pista da Pastoriza, onde na oitava manga do 2006 venceron pilotos habituais dos postos altos do caixón. Así Javier Vázquez, Bernardo Álvarez e Adrián López lideraron as categorías dos máis pequenos, é dicir Alevín, Cadete e Costa Blanca respectivamente. Outros triunfadores no circuito lucense foron Pérez Foján (ICC 125), Alejo Filgueira (Inter A) Aaron Filgueira (Junior) e Alberto García (Senior 125).

Circuitos

Novos rumbos

Iago Rego, na Fórmula 3 nacional, e Celso Míguez, nas internacionais World Series, seguen o seu descorrer con, de momento pouca fortuna. Por unha banda o vigués, que deixa o equipo Tec Auto para correr con Llusía Racing, rematou cuarto unha das mangas de Albacete, abandoando a segunda. E por outro o pontevedrés, dende o sétimo meeting en Inglaterra nas ringleiras de Comtec Racing, que tivo que abandoar unha das mangas e rematou retrasado a outra, sacando boas conclusións da forma de traballar da súa nova estrutura de cara as vindeiras citas en Francia e España.

Ralis

Cita en Ourense

Aprazado da súa data inicial o Botafumeiro, o pulso da competición nos ralis galegos retómase en asfalto ourensán. As comarcas de Terra de Celanova e Baixa Limia acollen o vindeiro sábado 30 o "III Rali Ourense Baixa Limia", proba de coeficiente 5. Serán un total de seis especiais distintas (Quintela de Leirado, Verea, Orille, Muiños, Lobios e Entrimo) nunha proba que comeza e remata no Campus Universitario de Ourense. A sexta manga do ano poder darlle xa o título a Martínez Barreiro, vencedor o ano pasado da edición desta xove carreira.

Recta final

A Escusa-Poio, Tambre e A Bola, en condicións normais a bo porto en outubro, configuran as tres subidas que, sen sabe-lo que pasará con Carral, porán o peche ó campionato de Montaña. O favorito é Benito Varela, vencedor na proba anterior disputada en Pontevedra, sen descartar a Cristóbal Serantes, que gañou en Taboada e Cortegada.

Asegal ASESORES

❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil
❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia

Telefóno: 981 80 73 01 • Cacheiras s/n, 1ºA • Teo (A Coruña)

Asegal ASESORES

Educando en Galicia
as galegas e os galegos
do século XXI

galescola
rede galega de escolas infantís

29 millóns de euros de investimento e 990 novos postos de traballo
99 novas escolas públicas espalladas por todo o país
5.490 novas prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Jackie (I)

Stewart a corazón aberto

Ramón Novo
SPRINT MOTOR

Hai persoas que teñen cousas que dicir e outras que non, unhas que din o que pensan e outras que non se atreven. Jackie Stewart conxuga o mellor destas dúas opcións dun modo espontáneo. Tan ben falou nas pistas como diante dos micrófonos. Con todos vós, sir Jackie Stewart falando en galego.

—Pregunta (P.) Tricampións non hai tantos. De onde sae esa vantaxe que coroa ós mellores? *—Jackie Stewart (JS.) Canto máis gano en experiencia máis me decato de que o segredo do éxito reside na freada: é toda unha arte. Para cerrar moi rápido unha virada non chega con frear no último momento, hai que saír igualmente sen interrupcion e imprimíndolle un certo ritmo ó coche e conservar ese ritmo ata o final. Importa non só saber `onde´ soltar o freo senón `como´ soltalo: con suma dozura, de maneira que o coche se prepare, sen cambio brutal de réxime e sobre todo sen romper o equilibrio.*

—P. Que deixamos de vivir os que nunca montamos nun coche de carreiras? *—JS. O pracer de pilotar un auto é algo que nunca experimentei noutras facetas da vida. Ser capaz de guialo, sentir toda a súa trazada e levalo ó límite. Supoño que ó ser perigoso che dá un estremecemento aínda maior.*

—P. Oíndoo falar a vostede parece que os coches son algo máis que máquinas. *—JS. Os monoprazas existen para ser interpretados e comprendidos.*

—P. Vostede sabía onde estaba o seu límite?

—JS. Unha vez aprendida a xeografía do circuíto, o seguinte paso aparece dun modo natural; consiste en amoldarse ós elementos e rexeitar o competir contra eles. En vez de buscar sinais e referencias ó longo do circuíto, sincronizo o debuxo mental co debuxo que percibo a través dos ollos; no momento en que manteño eses dous debuxos en sintonía é cando me encontro capacitado para ir ó límite.

—P. Utilizou algún tipo de doping físico ou mental?

—JS. Facer o amor antes dunha carreira prodúceme o mesmo efecto ca comer cando teño fame: gustaríame que non acabase nunca. Agora ben, para correr ben teño que estar algo nervioso, insatisfeito. Para correr ben teño que ter fame.

—P. Sería capaz de encontrar unha relación entre coches e viño?

—JS. Un motor é coma unha botella de viño: ou sae bo ou sae malo.

—P. Os xornalistas metemos moito a zoca falando de automobilismo?

—JS. A xente que cando aborda o capítulo das carreiras de coches se cre obrigada a citar as cifras, non sabe moi ben do que fala. Ir a 320 Km/h ou a 280 nun coche de fórmula 1 non significa estrictamente nada. Para un piloto de oficio, esto equivale a unha velocidade de 100-130 Km/h sobre autoestrada para un condutor normal. Os coches de carreiras están construídos para ir a este paso.

—P. Comprenderá que non todos superamos coa naturalidade de vostede a barreira psicolóxica de ir a 300 aínda que sexa en recta...

—JS. Realmente o proceso da velocidade consiste no retroceso da velocidade e en qué facer para eliminalo. Non adoita aparecer para min; só se mostra cando estou conducindo mal. Por conseguinte, todo aparece máis rápido, non na habitual cámara lenta e é, entón, cando me dou de conta de que estou en baixa forma.

—P. O medo é libre?

—JS. Eu téñolle medo ó trono, ó mar e ós tiburóns. Falando desto teño que dicir que ás veces o público faise unha idea falsa dos pilotos de carreiras. Eu non teño a impresión de ser temerario cando corro, polo menos no sentido que se dá a este termo cando se di dun toureiro que é temerario.

—P. Vostede é a viva imaxe da cruzada contra as mortes evitables nas pistas. Na súa loita particular pola seguridade dos pilotos estaba vulnerando o espírito verdadeiro do automobilismo, polo menos visto desde o prisma romántico que deixara polo camiño ós Varzi, Wimille, Ascari, Von Trips, Clark, Courage, Rindt...?

—JS. O automobilismo foi, é e será sempre un deporte perigoso, xa que os coches van moito máis veloces có que os rodea. Dito esto, en tanto que somos profesionais, debemos esforzarnos por limitar os riscos ó máximo.

—P. No deporte do automóbil hai nacionalistas?

—JS. A Elf gustaríalle manter un equipo francés pero non dubida en perdelo en beneficio do prestixio que ganou á conta da súa asociación con xente tan coñecida coma Ken [Tyrrell] e mais eu.

—P. Hai algo máis aló dos coches que rumban?

—JS. O tiro é unha das miñas grandes paixóns e eu sinto algo especial polas armas de fogo. Adoro tirar co fusil, ter un fusil na man, ou incluso conténtome con mirar para el.

—P. Gurney, Servoz-Gavin, Cevert, Reutemann, Revson e Peterson eran uns play-boys. É un inconveniente para ganar?

—JS. Os grandes pilotos, os que ganaban a maior parte das veces as probas en que participaban, non eran play-boys. Acababan de segundos polo menos. Os Caraccola, Nuvolari, Fangio eran xente seria que tiñan fixado un obxectivo e que corrían como profesionais, incluso na súa época. É evidente que entre eles tamén se sabían distraer, pero nunca ata o punto de mesturar diversión e oficio. Era unha cuestión de prioridades, coma hoxe.

—P. Que o separou a vostede de Lotus?

—JS. A xente debe perder a súa personalidade para que el [Chapman] os aprecie. —P Tanto fixo vostede pola seguridade? —JS. Eu sería máis popular se non me ocupase da seguridade. Hoxe ó mellor estaba morto, pero sería un morto popular.

1 **A un paso.** A marca catalana Gas-Gas poderá obte-lo sub-campionato do mundo de enduro a finais deste mes. Será co gallo da última proba do ano a celebrar na localidade francesa de Boussac. Estamos a falar da categoría E-3 onde Guillaume marcha na segunda posición. Outros pilotos destacados son Cristóbal Guerrero (sexto en E2) e Oriol Mena (4º en Junior).

Miguel Cumbraos
TEXTO E FOTOS

2 **Outra na familia.** Como aconteceu co seu pai, Andrés, e o seu irmá, Ander, a benxamina da coñecida familia Vilariño, ven de conseguir éxitos a nivel continental. Na cita suiza de Saint Ursanne-Les Rangiers fíxose co cetro europeo na categoría feminina, alzando a seis o número de títulos a este nivel acadados por esta coñecida familia carrerista. Ángela, que no futuro seguirá vencellada a esta especialidade, pilotou no 2006 un F-2000 Coloni.



3 **Vitoria e liderazgo.** O piloto catalán Dani Solá (Citroën C2 S1600) obtivo a vitoria no Rali Príncipe de Asturias, cita válida para o estatal e o europeo de asfalto. Co seu triunfo Solá pasa a encabeza-la xeral do campionato con dous puntos de marxe, desbancando a Miguel Fuster que no Principado foi terceiro detrás do reaparecido Alberto Hevia. Pedro Burgo, segundo en grupo N, foi o mellor da armada galega, por diante de Jorge "Rantur", os irmáns Vallejo abandoaron por problemas mecánicos.

4 **Confirmado.** Seguimos no mundo dos ralis, aínda que a nivel mundial. O actual piloto de Kronos, o cántabro Daniel Sordo, vén de ser confirmado en París como oficial de Citroën. Sordo compartirá estrutura co coñecido Sébastien Loeb, ó volante do novidoso C4 WRC, no regreso no 2007 da firma do dobre chevron con carácter de equipo oficial á máis alta esfera da modalidade.

5 **Dominio foráneo.** O trazado de Albacete veu a reanudación do Campionato de España de GT, coa que supoñía terceira das seis carreiras establecidas. Os resultados na pista manchega reforzaron o liderazgo de Bartyan e Guido (Ferrari), que teñen unha marxe de tres puntos sobre Pérez Aicart, Giao, Ni Amorín e Lucas Guerrero. Na categoría GTB hai máis marxe entre os dous primeiros, con quince puntos de diferenza a favor dos irmáns Rodrigo sobre Santiago García e Antonio Castro.

6 **Mellorando.** Continua o programa europeo de Peugeot España, que nesta época do ano tivo como escenarios Portugal, Chequia e Italia. Na coñecida cita lusa Vinho de Madeira, Bouffier rematou retrasado por problemas mecánicos e Ojeda tivo que abandoar na penúltima especial. Na cita checa, Barum Rallye Zlin, o galo foi terceiro absoluto e primeiro dos S1600, ocupando Ojeda a terceira praza. Por último, en terras transalpinas de San Remo, onde as torrenciais choivas obrigaron a anula-la primeira etapa, o cántabro volveu a ser terceiro na súa categoría. Noutra orde de cousas, e dende a carreira portuguesa, Giandomemico Basso (Fiat Punto Súper 2000) xa é campión continental.

R'AUTOMÓVILES
Mantemento integral do automóbil
San Marcos, 72
15890 - Santiago
Tfno.: 981 052 187
Móvil: 646 531 942

Copas AUTO-ESCOLA
FACEMOS CAMIÑO
ENSINANDO A PERCORRELO
Hórreo nº 23 Santiago de Chile, 34
Telf: 981 56 22 11 Telf: 981 59 58 59
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BERSUS
981 94 11 86
Tuning e mantemento do teu automóbil
Sánchez Freire 71, Rotonda de Conxo, Santiago

moto 93
ESPECIALISTAS EN MOTOS DE TRIAL
VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS, SCOOTERS Y CICLOMOTORES
CEPEDA - OZA (TEO)
981 80 70 27 * 696 93 62 72 (MÓVIL)

PREZOS DE COCHES NOVOS

AUDI A3	desde	21.980 €
AUDI A3 Sportback	desde	22.830 €
AUDI A4	desde	28.370 €
AUDI A4 Avant	desde	29.670 €
AUDI CABRIO	desde	37.000 €
AUDI TT Roadster	desde	33.460 €
AUDI TT Coup	desde	30.680 €
AUDI A6 (Nuevo)	desde	36.110 €
AUDI A6 Avant	desde	38.480 €
AUDI Q7	desde	54.860 €
AUDI A8	desde	70.080 €

Brea Hervés
Tu concesionario Audi en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:ventas@breaherves.audi.es
CTRA. N-550, KM 59 - RUA DO CRUCEIRO, 102 - A PULLEIRA - 15705 SANTIAGO
TEL. 981 56 97 00



IBIZA	desde	11.535 €
CORDOBA	desde	12.755 €
LEON	desde	16.290 €
ALTEA	desde	16.420 €
TOLEDO	desde	18.995 €
ALHAMBRA	desde	23.710 €

Brea Motor
Tu concesionario Seat en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:comercial@breamotor.seat.es
VIA PASTEUR, 6. POLIGONO DEL TAMBRE - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 55 26 00

FABIA	desde	11.130 €
FABIA COMBI	desde	13.100 €
FABIA SEDÁN	desde	13.100 €
OCTAVIA TRADITION	desde	15.950 €
NUEVO OCTAVIA	desde	17.080 €
OCTAVIA COMBI	desde	20.760 €
SUPERB	desde	22.140 €

Brea Automoción
Tu concesionario Skoda en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail: ventas@breautomocion.skoda.es
VIA EDISON, S/N, ESQ. VIA CEMPÍRICO - POLIGONO DEL TAMBRE - 15890 SANTIAGO
TEL. 981 51 97 37

O consello da semana

Adecúe a velocidade do seu vehículo ás condicións da vía e á densidade do tráfico, sen esquece-lo límite legal permitido.

NESTA PÁXINA ATOPARÁ OS MELLORES PREZOS DO MERCADO DO AUTOMÓBIL

FOX	desde	10.667 €
POLO	desde	11.497 €
GOLF	desde	15.240 €
GOLF PLUS	desde	19.140 €
BEETLE	desde	20.123 €
BEETLE CABRIO	desde	24.557 €
JETTA	desde	19.530 €
PASSAT	desde	21.600 €
PASSAT VARIANT	desde	22.485 €
PHAETON	desde	66.797 €
TOURAN	desde	21.455 €
SHARAN	desde	29.635 €
TOUAREG	desde	44.480 €

Brea Hervés
VOLKSWAGEN Tu concesionario Volkswagen en Santiago
www.grupo-brea.com - e-mail:ventas@breaherves.vw-es.com
VIA ISAAC PERAL, 8-10. POLIGONO DEL TAMBRE - 15890 SANTIAGO
TEL. 981 55 29 00

Modelo		Prezo
147	desde	15.000
156 CROSSW	desde	30.250
159	desde	24.850
166 JTD	desde	37.850
GT	desde	23.950
BRERA	desde	32.250

APV Motor
Avda. Rosalía de Castro (Milladoiro)
Teo - Santiago
Teléfono 981 53 40 57

A ACTUALIDADE DO MOTOR

Tódolos dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida ou rexistrada por ningún medio mecánico ou electrónico sen o permiso previo, e por escrito, da Editorial.

Redacción e administración:
URBANIZACIÓN SAN SADURNIÑO, RÚA B, Nº 21
TEO (A CORUÑA).
Teléfono 981 801 458

Sprint MOTOR

O equipo coa afección en Braga "BersusFilterqueen"

Ven da páxina 8

A experiencia nola contaba Bernardo, un dos responsables desta iniciativa; todo emocionado "A cidade de Braga recibíunos a noite dun venres de verán con grande ambiente de motor. Acondicionamos unhas carpas e tendas de campaña no paddock do circuito, fixemos, como era menester para repoñer forzas, unha gran churrascada, un par de "contiños das carreiras" e á cama". Sen coller folgos continuaba a súa narración "Amenceu un día caluroso e cun asfalto abrasivo dispuxémonos a da-las primeiras voltas de recoñecemento. De repente levámonos unha tremenda sorpresa ó ver algunhas persoas facendo footing e algún ciclotirista. A xornada consistía en probar algunhas das melloras no coche e unha toma de contacto co mesmo e por outra banda a máis agradecida, achegarse ó mundo da competición e probar dende dentro as sensacións dun vehículo punteiro a un grupo de afortunados clientes e amigos de Bersus e Filterqueen".

As conclusións foron do máis optimistas. A experiencia non decepcionou a ninguén, todo o contrario comentaba o piloto Xesús Cebeiro, "daba gusto verlle as caras cheas de expresividade que tiñan os participantes no test ó quitarse o capacete".

Os homes de "Bersus-Filterqueen" esperan repetir en breve esta xornada para poder achegar a máis persoas as sensacións fascinantes da competición automobilística.

Fiat Stilo.
Si buscas deportividad, éste es tu precio.

Este verano,
no dejes pasar la oportunidad.

Todos los Fiat Stilo por
4.000€ menos

- Empieza a pagar en enero de 2007.
- Gama Stilo desde 9.950€.
- Aire acondicionado.
- Radio CD.

FIAT

902 30 30 32 / www.fiat.es

NOYASTAR, S.L.
Concesionario Oficial
Exposición e taller:
Vía Edison, 3 - P.I. do Tambre
Tel. 981 57 77 78 - Santiago.

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

GETZ 1.5 CRDI GL 5P 88 CV	**DICIEMBRE 2005**	**KM 0**	**10.500**
TUCSON 2.0 CRDI STYLE 112 CV	DICIEMBRE 2005	KM 0	22.500
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 112 CV	**DICIEMBRE 2004**		**19.000**
ACCENT 1.5 GLS 5P 102 CV	AÑO 2004		7.000
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 COMFORT 125 CV	**AÑO 2006**	**KM 0**	**24.500**

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO